

# Menos contaminación por chumbo e máis augas fecais nas rías galegas

O grupo Ecotox da Universidade de Vigo xestiona o único visor cartográfico que achega información inmediata da situación ambiental das augas costeiras de Galicia.

Por [Galicia Confidencial](#) | Vigo | 09/03/2016 | Actualizada ás 12:00

A saúde das rías galegas é vixiada desde o ano 2013 cun [visor cartográfico](#) xestionado polo **grupo de Ecotoxicoloxía da Universidade de Vigo, Ecotox**, que dirixe o catedrático **Ricardo Beiras**. Trátase da única ferramenta que achega a día de hoxe información inmediata da situación ambiental das augas costeiras de Galicia. Grazas a ela, os científicos comprobaron que a contaminación química de orixe industrial nas rías descendeu, mentres que a contaminación microbiolóxica por augas fecais empeorou.



Os integrantes de Ecotox: Óscar Nieto, Ricardo Beiras, Paula Sánchez, Raimundo Blanco, Tania Tato, Leticia Vidal e Sergio González | [Fonte: DUVI](#).


Tras varios anos de funcionamento do visor, nos que foi posible recompilar un bo número de publicacións científicas e informes sobre contaminación mariña no litoral galego, Ricardo Beiras asegura que, “aínda que é un pouco arriscado”, pódese afirmar que a situación global das nosas rías mellorou en canto á contaminación química de orixe industrial. “Non obstante, **hai casos preocupantes, como por exemplo a contaminación**

por chumbo na ría de Vigo. Isto pode verse cando se comparan as capas con datos máis antigos coas máis recentes, comprobándose que o número de puntos vermellos “descende”, detalla o catedrático en declaracións recollidas por M<sup>a</sup> del Carmen Echevarría.

Pola contra, os científicos comprobaron que a **contaminación microbiolóxica por augas fecais, empeorou**, o cal se fai evidente no feito de que cada vez hai máis marisco que non se pode comercializar por esta causa. “Non obstante, a información dispoñible no visor sobre o tema da contaminación microbiolóxica é moi limitada e é a administración competente a que debería encargarse” disto, sinalan os investigadores da Universidade de Vigo.

Co obxectivo de **suplir a falta de ferramentas da administración pública** que ofrezan de xeito inmediato, centralizado e xeorreferenciado información de vertidos e do estado de contaminación química das augas costeiras de Galicia, no ano 2013 comezou a funcionar o visor cartográfico.

Agora tanto a comunidade científica, como a sociedade en xeral, teñen acceso a través deste visor á información de contaminación química sobre metais, hidrocarburos e probas de ecotoxicidade na costa galega, desde 1997 ata a actualidade, agrupadas en capas, por períodos de cinco anos.



Visor cartográfico de Ecotox.

Publicacións científicas e informes sobre contaminación mariña no litoral galego, así como traballos non publicados polo propio grupo Ecotox, son as dúas fontes das que proceden os datos utilizados polo visor, ao que se pode [acceder a través do portal web do equipo de investigación](#).

"Integrado nunha infraestrutura de datos espaciais, o visor está a proporcionar, tanto á comunidade científica, como á sociedade en xeral, información sobre o estado químico das augas costeiras utilizando as directrices marcadas no programa de monitoreo do convenio Oskar sobre a protección do medio mariño do Atlántico Nordeste", explica no diario da Universidade de Vigo Raimundo Blanco, investigador de Ecotox, que sinala que hoxe en

día a información xeorreferenciada *on-line* está a substituír os mapas e forma parte da nosa vida diaria, dende os teléfonos móbiles, aos navegadores dos coches.

### **Como usar o visor**

Unha vez que o usuario accede ao portal web de Ecotox pode entrar directamente a través do apartado 'accede ao visor' ou ben dirixirse ao menú, 'xeoportar-visor cartográfico'. Neste caso, na paxina visor cartográfico, o usuario atopa unha descrición dos datos e dos criterios que se están a usar no visor. A ferramenta presenta tres áreas: o mapa; o panel de navegación superior e o panel lateral de capas (layers), no que están as capas cos contaminantes e a súa lenda. No mapa, a información preséntase en forma de puntos de cores, cunha escala que vai do azul (mellor estado) ao vermello (peor estado). Ademais, premendo en cada punto (coa ferramenta identify do panel superior) accédese aos datos numéricos.

O visor utiliza varios tipos de datos: os de concentracións de metais (cadmio, cobre, chumbo, mercurio e zinc), de hidrocarburos policíclicos en sedimentos e mexillón silvestre de roca e datos de ecotoxicidade que proceden de bioensaos con larvas de ourizo, expostos a auga e elutriado, extracción acuosa do sedimento, informa Echevarría no DUVI.

“Os mexillóns úsanse internacionalmente como vixiantes de contaminación costeira e os motivos da súa elección son varios: teñen unha ampla distribución mesmo en lugares moi contaminados; son fáciles de obter; teñen unha alta capacidade de filtración de auga e consecuentemente acumulando os contaminantes se estes están presentes”, explica Beiras, que incide en que no visor tamén se representan datos referidos á contaminación en sedimentos, que actúan como sumidoiros de contaminantes e son máis estables ca auga, xa que no se ven afectados por factores meteorolóxicos ou correntes.

No caso dos bioensaos con larvas de ourizo expostos a auga e elutriado, o investigador de Ecotox explica que este é un método biolóxico para detectar a presenza de substancias químicas tóxicas en mostras e cuantificar o seu efecto. “A grandes liñas, esta técnica baséase no feito de que o desenvolvemento dos embrións de ourizo de mar é inversamente proporcional á concentración de contaminantes químicos no medio, obtendo desta maneira unha escala cuantitativa do grao de contaminación/toxicidade, sen necesidade de analizar centros de substancias tóxicas que poderían estar presentes”, explica Blanco no DUVI.